

OS DETERMINANTES

1. Definición e tipoloxía
2. Os artigos
 - 2.1. O artigo determinado. Formas
 - 2.1.1. Emprego da 2ª forma do artigo
 - 2.2. O artigo indeterminado. Formas
3. Os demostrativos. Definición e formas
 - 3.1. Valores especiais:
 - aquel / aquela
 - aquelar / aquelado / aqueloutrar
 - daquela / nesas / con esas / niso
 - daquela
4. Os posesivos. Definición e formas
 - 4.1. Valores especiais:
 - os meus...
 - o meu...
 - as miñas...
 - de meu...
 - meu
5. Os indefinidos. Definición e formas
 - 5.1. Os indefinidos cuantificadores
 - 5.2. Os indefinidos identificadores
6. Os numerais
 - 6.1. Os numerais cardinais
 - 6.2. Os numerais ordinais
 - 6.3. Os numerais partitivos
 - 6.4. Os numerais multiplicativos
 - 6.5. Os numerais colectivos

OBSERVACIÓNS

O ARTIGO

Contraccións con determinantes.

1. Os artigos, demostrativos, identificadores e cuantificadores non contraen coa preposición que os precede se esta depende da forma verbal.

Ex.: *Despois de o / este médico saír do hospital houbo varios ingresos graves*

2. As contraccións do artigo coas preposicións *a, con, de, en* mesmo se realizan se o artigo forma parte dun topónimo: *Vive na Coruña*; sen embargo, se é un artigo pertencente ó título dunha obra literaria ou nome de xornal non se fará contracción.

Ex.: *Este artigo apareceu en O Correo Galego de onte*

Contraccións con *un* en función pronominal.

O numeral e mais o identificador *un* en función pronominal non contrae coa preposición *con*, mais si coas restantes (*de, en*).

Ex.: *Cada domingo ía cunha rapaza fronte a Cada domingo ía con unha*

Obrigatoriedade do artigo determinado.

O artigo determinado é obrigatorio nos seguintes casos:

1. Cos identificadores *todos* e *ambos* ou *entrambos*.
2. Por regra xeral, cos substantivos *misa, casa, cama, clase, papá* e *mamá* (cos dous últimos agás que sexan vocativos).

3. Con algúns nomes de países e continentes como: *O Brasil, O Perú, A Alemaña, A China, A Arxentina, A América e A Antártida*.

4. En numerosas locucións adverbiais coa estrutura “preposición + artigo + substantivo”: *ás veces, ás apalpadelas, á toa, ó xeito, ás atoutiñas, ós tombos...*

5. Coas estacións do ano séguense estas normas:

DE + estación do ano: a) uso facultativo do artigo se actúa todo o sintagma como modificador nominal (*Morreu a fins de / do outono*); b) non leva artigo se actúa como adverbio (*De verán vai moita calor*).

EN + estación do ano: obrigatoriedade do artigo se o sintagma actúa como adverbio (*No verán vai moita calor*).

6. Coas horas do día, agás se estas horas se usan como punto de referencia para medir o espazo de tempo entre dúas delas: *De / das a / ás 4 van dúas horas*, ou para indicar a acción realizada nese período: *De 7 das 4 a / ás 7 vou estudar*.

Noutras referencias a momentos do día (mediodía, medianoite, mañá, serán, tarde...) é xeral o uso do artigo agás se van precedidos da preposición *de* en función adxectiva ou adverbial: *Quenda de noite, saíu de mañá cedo* e na expresión *estar de días* que significa *estar de santo*.

7. Cos meses do ano, xeralmente, non se usa artigo, a non ser que faga referencia expresa a que algo ocorre dentro dun espazo temporal determinado: *Estaremos no xullo*. O mesmo ocorre cos días da semana, de iren precedidos da preposición *en*: *Estudarei no domingo*.

A segunda forma do artigo.

Na escrita, a segunda forma do artigo unicamente é obrigatoria con *por* e *tras*. Na fala é obrigatoria en todos os contextos que marca a normativa.

Os INDEFINIDOS

O identificador *outro*

Outro, outra, outros e outras non contrae co demostrativo neutro; iso *outro* (coas formas femininas e masculinas é optativo); nin coas preposicións *en* ou *de* cando estas xa van contraídas. Ex.: *Nin che vai comer disto nin do outro que lle tes preparado*.

Os identificadores *demais / de máis*

Demais ten o significado xeral de ‘o outro, o máis’, en cambio *de máis* ten o significado de ‘demasiado’. Esta última forma pode ir acompañada da preposición *por* (*por de máis*). Ex.: *O importante é estar a ben con eles, o demais estache de máis, así que non lle deas máis voltas*.

O identificador variable *mesmo*

Este identificador nunca pode ter carácter anafórico: **Despois de moitas protestas iniciáronse as obras no parque. O custo das mesmas sobrepasou os orzamentos previstos*. Débese substituír por: *o seu custo* ou por outra forma que actúe con valor anafórico.

O cuantificador *algún*

Os cuantificadores *algún, algunha, algúns e algunhas* convértense en *ningún, ningunha, ningún, ningunhas* nas oracións negativas. Ex.: *Non ten fame ningunha*.

O cuantificador *abondo*

Este cuantificador variable contrae coa preposición *de*: *comeu dabondo, non lle deas máis*. Cando ten función adxacente concorda en xénero e número co substantivo ó que acompaña e colócase obrigatoriamente despois do substantivo.

O cuantificador variable *todo*

O cuantificador variable *todo* pode permanecer invariable con topónimos; cando precede a un pronome persoal; ou con diferentes partes do corpo, sobre todo en plural. Ex.: *Todo Francia se uniu ás protestas. Todo ela era un mar de bágoas. Esa nena é todo pernas*.

Os cuantificadores *moito / pouco*

Cando estes cuantificadores son atributo de verbos copulativos, e o suxeito está en plural, é obrigada a forma invariable. Se van con substantivo en singular pode concertar ou non. O cuantificador *pouco* pode

ir acrescentado coa preposición *de* mantendo a concordancia co substantivo: *Uns poucos de ovos / Uns poucos ovos*.

O cuantificador *bastante*

Bastante(s) ten duplo significado: 'suficiente' se vai despois do substantivo (*Para este verán teño roupa bastante*); e 'cantidade considerable' se vai antes (*Había bastante público no partido de fútbol*); equivalen polo tanto a *abondo* e *moito* respectivamente.

O distribuidor *cadanseu* e a forma *senllos*

Cadanseu é un distribuidor que precisa un suxeito plural e un(s) obxecto(s) posuídos ós cales acompaña cos que concorda en xénero e número. A distribución realízase en número idéntico para cada persoa suxeito. Ex.: *Os nenos facían cadansúa tarefa*.

Senllos -as equivale ó numeral *dous*, semellante ás formas *ambos e/a dous*, co matiz 'un diferente ó outro'. Ex.: *Nese día saíron do prelo senllos libros de literatura medieval e de gramática histórica*.

Estruturas con cuantificadores

As formas *ningún, ninguén, nada, un, algún, alguén, pouco* e *algo* cando van co cuantificador *máis* adoitan pospoñérense a el: *máis nada, máis un/unha, máis ninguén, máis ningún, máis algo, máis outro* ou *nada máis, un(unha máis, ninguén máis, ningún máis, algo máis, outro máis...*